

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 17 DE MARZO DE 2022

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

1. A acta da reunión ordinaria do día 11 de febreiro de 2022.
2. O nomeamento do Prof. Dr. Roberto Luis Blanco Valdés, Catedrático de Dereito Constitucional da Universidade de Santiago de Compostela, como Membro Honorífico do Claustro de Profesores da Facultade de Dereito.
3. A PDA -para o Grao en Dereito e o Plan Conxunto de Estudos ADE/Dereito- para o curso 2022/2023 consonte ao criterios esixidos polos órganos competentes para a súa aprobación pero manifestando a súa desconformidade coa redución de horas e os criterios impostos na elaboración da PDA que repercuten na organización académica da Facultade de Dereito.
4. A PDA do Máster universitario en Avogacía para o curso 2022/2023.
5. A listaxe priorizada de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes respecto das materias do título do Grao en Dereito para o curso 2022/2023 e o escrito de motivación correspondente.
6. A oferta de materias optativas do Grao en Dereito para o curso 2022/2023 e os procedementos de preinscripción e matrícula correspondentes.
7. Manter a designación da Prof. Dra. Francisca Fernández Prol como Coordinadora do Grao en Dereito para o curso académico 2022/2023 e a non cobertura das coordinacións de curso, de conformidade co previsto na memoria de verificación da titulación.
8. Manter a designación da Prof. Dra. Marta Fernández Prieto e da Prof. Dra. Belén Sánchez Ramos como coordinadoras da materia “Traballo fin de grao” e da Prof. Dra. Susana Álvarez González e do Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez como coordinadores da materia “Prácticas externas”.
9. A distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2022/2023.
10. Manter os límites de prazas no Grao en Dereito (50) e no Plan conxunto de Estudos ADE-Dereito (10) para o curso académico 2022/2023 e remitir o correspondente escrito xustificativo ao Sr. reitor e ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para o seu traslado, se fora preciso, aos órganos competentes da Xunta de Galicia.
11. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
 - a) A aprobación do calendario académico da Facultade para o curso 2022/2023.
 - b) A aprobación do calendario de elaboración das guías docentes do Grao en Dereito e do Máster universitario en avogacía para o curso 2022/2023.
 - c) As modificacións que, no seu caso, procedan na PDA do Grao en Dereito, na PDA do Máster universitario en avogacía, no límite de prazas no Grao en Dereito e na distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2022/2023.
 - d) A modificación do procedemento de matrícula das materias optativas se fose necesario polas convocatorias internas da universidade.

- e) A aprobación do Manual de calidade e do Procedemento DE-01 Desenvolvemento estratéxico.
- e) A designación dos representantes da Facultade para a Comisión de avaliación das axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOUE).

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 17 de marzo de 2022, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 18 de marzo de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.